




monte Siradella-O Grove

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 4 km
Dificultade: media
Duración: 2 horas



Unha ruta circular no concello do Grove que discorre en parte polo espazo Natural Complexo Intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Lagoa Bodeira e Punta Carreirón, protexido como LIC, ZEPA e Humidal Ramsar.

Poderemos gozar de espléndidas panorámicas da ría de Arousa, e da costa da Lanzada e observar unha variada flora e fauna dunar e de monte, interesantes formas graníticas (penedos, pedras cabaleiras) e restos arqueolóxicos (asentamento castrexo do monte Siradella). Na parte alta atópase o centro de Interpretación da natureza do Espazo Natural.

COMO CHEGAR:

Pódese deixar o vehículo na explanada que hai preto da rotonda do cruzamento da Lanzada e iniciar a ruta seguindo a estrada ata o acceso ás dunas fixas nun camiño pechado cunha barreira de madeira que continúa ata a parte alta do monte onde hai varios miradores e podemos visitar o Centro de Interpretación. A baixada faise polo outro lado pasando a carón da "Figueira do Meco". Descendemos entre grandes penedos ata a duna remontante e logo collemos cara á esquerda para volver ao aparcamento.

A ruta pódese completar con outras indicadas nas proximidades que discorren polas antigas canteiras.



Penedos graníticos.



Con sobre o que se asenta a figueira do Meco, árbore emblemática na historia do Grove.



Cume da Siradella no que se conservan restos de antigos asentamentos.



Vista do Istmo da Lanzada desde o alto da Siradella



Vista do Istmo da Lanzada co Centro de Interpretación do Espazo Natural.



Vista cara ao interior da Ría coa Illa de Arousa.